

LA IDEA DE UN LAGO

[Milagros Mumenthaler, 2016]

218

ESTREA EN NUMAX: 07.04.2017 | V.O. | TODOS OS PÚBLICOS

La idea de un lago (2016, 82')

Dirección: Milagros Mumenthaler

Guión: Milagros Mumenthaler, a partir de *Pozo de aire*, de Guadalupe Gaona

Elenco: Carla Crespo, Rosario Bléfari, Malena Moiron, Juan Barberini, Juan Greppi, Joaquín Pok

Son: Henri Maïkoff, Etienne Curchod

Vestuario: Simona Martínez Ribero

Montaxe: Gion-Reto Killias

Dirección de arte: Sebastián Orgambide

Fotografía: Gabriel Sandru

Música: Neil Diamond, Daniel Melero, New Order, Fran Gayo

Produtora: Alina Films, Radio Télévision Suisse (Suíza),

Ruda Cine, Instituto Nacional de Cine y Artes Audiovisuales (INCAA) (Arxentina)

Distribuidora: NUMAX Distribución

Formato de proxección: DCP 2K, 1.90:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

Abrir puertas y ventanas, 2011

Amancay, 2007 [curtametraxe]

El patio, 2004 [curtametraxe]

Cape Cod, 2003 [curtametraxe]

¿Cuándo llega papá?, 2000 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2016 (competición oficial),

Donostia 2016 (Horizontes Latinos),

Busan 2016 (Flash Forward), Mar del

Plata (Autores)

SINOPSE

Inés prepara a edición do seu libro fotográfico durante os últimos días do seu embarazo. Revive os veráns da súa infancia ao pé do lago. Os xogos, os desencontros e as lembranzas cobran vida a partir das fotografías. Reábranse antigas feridas que truncarán as súas relacións actuais. Iniciamos unha viaxe emocional habitada pola pantasma dun pai ausente, nun evocador exercicio de construción poética da memoria.

«Ensaio sobre a ausencia e a memoria construído cunha beleza nunca ostentosa e unha austeridade que non limita a emoción. Unha experiencia profunda, cativadora e duradeira»

Diego Batlle, OTROS CINES



“O filme apela ao exercicio da memoria de maneira íntima, particular”

Entrevista a Milagros Mumenthaler
Por Julián Fernández Mouján

Tanto en *Abrir puertas y ventanas* como en *La idea de un lago* falas da ausencia no ámbito familiar. Que che parece que teñen en común os dous filmes e en que se diferencian? Nos dous filmes hai unha busca de como representar o íntimo. En *Abrir puertas y ventanas* tiña que ver cunha posta de cámara moi rigorosa e neste filme fun máis directamente, sen voltas, coa idea de adentrarme na cabeza da súa protagonista e acompañala nas súas lembranzas, no seu exercicio de facer memoria.

Hai algo dos vínculos familiares que se reconece entre un filme e o outro e, se ben o primeiro ten unha estrutura máis lineal, *La idea de un lago* é como un quebracabezas. O desenvolvemento interno das escenas é parecido, as situacións ábrense e péchanse en cada escena, dando sempre informacións que teñen que ver cos vínculos e os estados emocionais.

***La idea de un lago* está baseado en *Pozo de aire*. En que momento che pareceu que había un filme no libro de Guadalupe Gaona?** Sempre pensei que algo había pero non sabía nun principio se era unha curta, media ou longametraxe. Houbo unha primeira etapa na que o guión eran varias secuencias de imaxes que se me viñeron á testa ao ler o libro. Eran imaxes sensoriais, por momentos case experimentais, onde o material fílmico estaba manipulado. Logo houbo unha segunda etapa, que foi cando tomei a decisión de que ía ser unha longa. Naquel entón tiven unha serie de conversas con Guadalupe, charlas íntimas, confesións e ás veces entrevistas. E cando empezo a traballar pensando no filme aí sinto a necesidade de afastarme do libro e de Guadalupe para armar unha ficción. E aí empezo unha etapa de investigación máis propia para desenvolver os meus personaxes e traballar nos conflitos polos que transitan.

O filme toca o tema da ditadura pero non o aborda directamente. Como pensaches este aspecto en particular? A min non me interesaba contar os feitos porque creo que xa se coñecen e pensei que neste momento había que abordar o tema desde un lugar máis íntimo e non colectivo. O filme chega nun momento delicado e creo que é practicamente imposible que un espectador non conecte con Inés, a protagonista, e co que lle sucede. Para min o filme apela ao exercicio da memoria de maneira íntima,

particular, e cando o espectador conecta faise memoria como un dereito civil necesario.

En *Abrir puertas y ventanas* o teu traballo coas actrices fíxose con tempo e confiando na química entre elas. Como foi o traballo neste caso? Traballei moito con Carla Crespo e Rosario Bléfari. Se ben non son tantas as escenas nas que están xuntas no filme, para min esas escenas son fundamentais porque xustamente nelas enténdese o vínculo nai-filla e cómo foi durante as súas vidas. Así que fomos buscando as escenas no traballo continuo, pensando en como miran esa nai e esa filla, como reaccionan cada unha ás situacións, que hai detrás desas miradas, deses xestos e das palabras.

Como ves o cinema arxentino nestes momentos? A situación do cinema arxentino é complexo e para reflexionar. Eu o cinema arxentino véxoo ben en termos de realización. O problema é a exhibición, sempre o foi, e agora súmase outro, o da pouca visibilidade. As seccións de espectáculos están copadas polas celebridades da televisión en detrimento do cinema arxentino máis autoral. Paréceme que se está a asentir a idea de que á xente non lle interesa moito o cinema e eu creo que non é así.

Publicado en <http://www.losinrocks.com>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

***Pozo de aire*, Guadalupe Gaona.**
Senda Vox, 2009

***Quieta*, Guadalupe Gaona.**
RM Verlag, 2011

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

